



PROGRAMACIÓN DO MÓDULO DE PROXECTO - FCT DE PROMOCIÓN DE IGUALDADE DE XÉNERO

CICLOS DE GRAO SUPERIOR

Situación Extraordinaria COVID 19 (25 + 220 horas)

01.-IDENTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Código de centro e nome	Código e Ciclo Formativo	Réxime
15032169 – CPR "TOMÁS BARROS"	CSSC05 Promoción de Igualdade de Xénero	Ordinario
Ano académico: 2019/2020 (Covid 19)	Docente titor/a: Joaquín Pedrido Rey	

02.-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), así como o Decreto 114/2010, de 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, plantean a estrutura, a organización e o regulamento xeral da Formación Profesional (FP), e as directrices que deben cumprir os diferentes currículos dos ciclos formativos na Comunidade Autónoma de Galicia, entre os que se atopa o do título de Técnico/a Superior en Promoción de Igualdade de Xénero.

As normas que constitúen o modelo actual son a Lei Orgánica 5/2000 das cualificacións e a formación profesional e o Real Decreto 1128/2003 polo que se regula o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Estas dúas normas son a base do modelo: os currículos se elaboran a partir dos títulos e estes a partir das cualificacións profesionais.

O currículo recolle un conxunto de decisións sobre que, como e cando ensinar e avaliar o que se realiza a través da práctica educativa. O Ciclo Formativo de Grado Superior (CFGS) en Promoción de Igualdade de Xénero queda regulado segundo a Orden ECD/1545/2015, de 21 de julio, polo que se establece o título de técnico superior en Promoción de Igualdade de Xénero e se fixan as ensinanzas mínimas. Así mesmo, e segundo o artigo 39.6 da LOE, no que se sinala que o Goberno, previa consulta ás Comunidades Autónomas, establecerá os aspectos básicos do currículo, os mesmos concréntanse, no ámbito territorial de Galicia, no Decreto 80/2018, de 21 de xuño, polo que se establece o currículo do CFGS correspondente ó título de técnico superior en Promoción de Igualdade de Xénero.

Segundo o Decreto 80/2018, de 21 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Promoción en Igualdade de Xénero e o DECRETO 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema



educativo de Galicia, o módulo profesional de Proxecto incluído nos currículos dos ciclos formativos de grao superior terá por finalidade a integración efectiva dos aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordarán no resto dos módulos profesionais, xunto con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial.

Esta integración concretarase nun proxecto de carácter globalizador que considere as variables tecnolóxicas e organizativas relacionadas co título.

Definirase consoante ás características da actividade laboral do ámbito do ciclo formativo e con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial.

Esta situación extraordinaria de posibilidade de incluír a FCT no módulo de Proxecto está recollida normativamente na Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se adoptan medidas excepcionais no desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e nas ensinanzas de réxime especial.

O número de horas total é de 245, repartidas entre 25 horas de proxecto e 220 horas de FCT

03.-ESPECIFICACIÓNS SOBRE AS CARACTERÍSTICAS E ALCANCE DO TRABALLO A REALIZAR NO DESENVOLVEMENTO DOS MÓDULOS

O Proxecto deberá tomar como referencia un proceso produtivo real ou simulado específico do campo profesional da Promoción en Igualdade de Xénero. Estes profesionais exercerán a súa actividade no ámbito público e privado, no sector de prestacións de servizos de igualdade de xénero, en diferentes institucións e entidades que prestan servizos de carácter económico e comunitario orientados á igualdade efectiva de mulleres e varóns: asociacións, fundacións, institucións, sindicatos, empresas, consultoras, servizos municipais, organismos de igualdade, centros comunitarios, etc.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son, entre outros:

Promotor/a de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e varóns.

Promotor/a para a igualdade efectiva de mulleres e varóns.

Técnico/a de apoio en materia de igualdade efectiva de mulleres e varóns.

Recoméndase que os Proxectos relacionen os contidos de tódolos módulos e estean centrados nas temáticas seguintes, atendendo a unha ou varias unidades de competencia do título:

- Fomento da participación social das mulleres
- Promoción en igualdade de xénero.
- Prevención de violencia de xénero.
- Intervención socioeducativa para a igualdade.
- Información e comunicación con perspectiva de xénero.
- Promoción en igualdade de trato e oportunidades.
- **En relación ao módulo de FCT, se fora posible, o alumnado realizará un traballo de investigación**



sobre a empresa asignada para a realización da fase de prácticas e resolverá un cuestionario relacionado cos criterios de avaliación e os mínimos esixibles propostos nesta programación. Está investigación de campo fundamentarase en coñecementos previos do alumnado, visitas a webs ou publicacións da institución e a través de contacto telefónico ou correo electrónico coas persoas responsables e/ou titoras da empresa

04.-RESULTADOS DE APRENDIZAXE, CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Resultado de aprendizaxe	Criterios de Avaliación	Mínimo esixible S/N	Instrumento de avaliación
Proxecto RA1. Identifica as necesidades do sector produtivo en relación con proxectos tipo que as poidan satisfacer.	CA1.1. Clasificáronse as empresas do sector polas súas características organizativas e o tipo de produto ou servizo que ofrecen.	S	Táboa de observación
	CA1.2. Caracterizáronse as empresas tipo e indicouse a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento.	S	
	CA1.3. Identificáronse as necesidades máis demandadas ás empresas.	S	
	CA1.4. Valoráronse as oportunidades de negocio previsibles no sector.	N	
	CA1.5. Identificouse o tipo de proxecto requirido para dar resposta ás demandas previstas.	S	
	CA1.6. Determináronse as características específicas requiridas ao proxecto.	S	
	CA1.7. Determináronse as obrigas fiscais, laborais e de prevención de riscos e as súas condicións de aplicación.	N	
	CA1.8. Identificáronse as axudas e as subvencións para a incorporación das novas tecnoloxías de produción ou de servizo que se propoñan.	N	
	CA1.9. Elaborouse o guión de traballo para seguir na elaboración do proxecto	S	
Proxecto RA2. Deseña proxectos relacionados coas competencias expresadas no título, onde inclúe e desenvolve as fases que o compoñen.	CA2.1. Compilouse información relativa aos aspectos que se vaian tratar no proxecto.	S	
	CA2.2. Realizouse o estudo da viabilidade técnica do proxecto.	N	
	CA2.3. Identificáronse as fases ou as partes que compoñen o proxecto e o seu contido.	S	
	CA2.4. Establecéronse os obxectivos procurados e identificouse o seu alcance.	S	



	CA2.5. Prevíronse os recursos materiais e persoais necesarios para realizar o proxecto.	S	Táboa de observación
	CA2.6. Realizouse o orzamento correspondente.	N	
	CA2.7. Identificáronse as necesidades de financiamento para a posta en marcha do proxecto.	N	
	CA2.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para o seu deseño.	S	
	CA2.9. Identificáronse os aspectos que se deben controlar para garantir a calidade do proxecto.	N	
Proxecto RA3. Planifica a posta en práctica ou a execución do proxecto, para o que determina o plan de intervención e a documentación asociada	CA3.1. Estableceuse a secuencia de actividades ordenadas en función das necesidades de posta en práctica.	S	
	CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística necesarios para cada actividade.	S	
	CA3.3. Identificáronse as necesidades de permisos e autorizacións para levar a cabo as actividades.	S	
	CA3.4. Determináronse os procedementos de actuación ou execución das actividades.	N	Táboa de observación
	CA3.5. Identificáronse os riscos inherentes á posta en práctica e definiuse o plan de prevención de riscos, así como os medios e os equipamentos necesarios.	N	
	CA3.6. Planificouse a asignación de recursos materiais e humanos e os tempos de execución.	S	
	CA3.7. Fíxose a valoración económica que dea resposta ás condicións da posta en práctica.	N	
	CA3.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a posta en práctica ou execución.	S	
Proxecto RA4. Define os procedementos para o seguimento e o control na execución do proxecto e xustifica a selección das variables e dos instrumentos empregados.	CA4.1. Definiuse o procedemento de avaliación das actividades ou intervencións.	S	
	CA4.2. Definíronse os indicadores de calidade para realizar a avaliación.	N	
	CA4.3. Definiuse o procedemento para a avaliación das incidencias que se poidan presentar durante a realización das actividades, así como a súa solución e o seu rexistro.	N	
	CA4.4. Definiuse o procedemento para xestionar os cambios nos recursos e nas actividades, incluíndo o sistema para o seu rexistro.	N	
	CA4.5. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a avaliación das actividades e do proxecto.	S	
	CA4.6. Estableceuse o procedemento para a		Táboa de observación



	participación na avaliación das persoas usuarias ou da clientela e elaboráronse os documentos específicos.	S	
	CA4.7. Estableceuse un sistema para garantir o cumprimento do prego de condicións do proxecto, cando este exista.	N	
Proxecto RA5. Elabora e expón o informe do proxecto realizado e xustifica o procedemento seguido.	CA5.1. Enunciáronse os obxectivos do proxecto.	S	Táboa de observación
	CA5.2. Describiuse o proceso seguido para a identificación das necesidades das empresas do sector.	S	
	CA5.3. Describiuse a solución adoptada a partir da documentación xerada no proceso de deseño.	N	
	CA5.4. Describíronse as actividades en que se divide a execución do proxecto.	S	
	CA5.5. Xustificáronse as decisións tomadas de planificación da execución do proxecto.	S	
	CA5.6. Xustificáronse as decisións tomadas de seguimento e control na execución do proxecto.	S	
	CA5.7. Formuláronse as conclusións do traballo realizado en relación coas necesidades do sector produtivo.	S	
	CA5.8. Formuláronse, de ser o caso, propostas de mellora.	S	
	CA5.9. Realizáronse, de ser o caso, as aclaracións solicitadas na exposición.	S	
	CA5.10. Empregáronse ferramentas informáticas para a presentación dos resultados.	S	
FCT RA1. Identifica a estrutura e a organización da empresa, tendo en conta a súa relación coa produción e a comercialización dos servizos qu presta.	CA1.1. Identificouse a estrutura organizativa da empresa e as funcións de cada área.	S	Cuestionario
	CA1.2. Comparouse a estrutura da empresa coas organizacións empresariais tipo existentes no sector.	S	
	CA1.3. Identificáronse os elementos que constitúen a rede loxística da empresa: provedores/as, clientela, sistemas de produción e almacenaxe, etc.	S	
	CA1.4. Identificáronse os procedementos de traballo no desenvolvemento da prestación de servizo.	S	
	CA1.5. Valoráronse as competencias necesarias dos recursos humanos para o desenvolvemento óptimo da actividade.	S	
	CA1.6. Valorouse a idoneidade das canles de difusión máis frecuentes nesta actividade.	S	



<p>FCT RA2. Amosa hábitos éticos e laborais no desenvolvemento da súa actividade profesional, de acordo coas características do posto de traballo e cos procedementos establecidos na empresa.</p>	<p>CA2.1. Recoñecéronse e xustificáronse: – Disponibilidade persoal e temporal necesarias no posto de traballo. – Actitudes persoais (puntualidade, empatía, etc.) e profesionais (orde, limpeza, responsabilidade, etc.) necesarias para o posto de traballo. – Requisitos actitudinais ante a prevención de riscos na actividade profesional. – Requisitos actitudinais referidos á calidade na actividade profesional. – Actitudes relacionais co propio equipo de traballo e coa xerarquía establecida na empresa. – Actitudes relacionadas coa documentación das actividades realizadas no ámbito laboral. – Necesidades formativas para a inserción e a reinserción laboral no ámbito científico e técnico do bo facer profesional.</p> <p>CA2.2. Identificáronse as normas de prevención de riscos laborais e os aspectos fundamentais da lei de prevención de riscos laborais de aplicación na actividade profesional.</p> <p>CA2.3. Puxéronse en marcha os equipamentos de protección individual segundo os riscos da actividade profesional e as normas da empresa.</p> <p>CA2.4. Mantívose unha actitude de respecto polo ambiente nas actividades desenvolvidas.</p> <p>CA2.5. Mantivéronse organizados, limpos e libres de obstáculos o posto de traballo e a área correspondente ao desenvolvemento da actividade.</p> <p>CA2.6. Responsabilizouse do traballo asignado interpretando e cumprindo as instrucións recibidas.</p> <p>CA2.7. Estableceuse unha comunicación eficaz coa persoa responsable en cada situación e cos membros do equipo.</p> <p>CA2.8. Coordinouse co resto do equipo e comunicou as incidencias salientables.</p> <p>CA2.9. Valorouse a importancia da súa actividade e a necesidade de adaptación aos cambios de tarefas.</p> <p>CA2.10. Responsabilizouse da aplicación das normas e os procedementos no desenvolvemento do seu traballo.</p>	<p>N</p> <p>N</p> <p>N</p> <p>N</p> <p>N</p> <p>S</p> <p>S</p> <p>S</p> <p>S</p> <p>N</p>	<p>Cuestionario</p>
<p>FCT RA3. Realiza operacións de preparación da actividade de promoción de igualdade, aplicando técnicas e procedementos de acordo coas instrucións</p>	<p>CA3.1. Interpretáronse as instrucións recibidas para a preparación da actividade de promoción da igualdade de xénero.</p> <p>CA3.2. Identificouse a documentación asociada á preparación dos procesos laborais que cumpra desenvolver.</p>	<p>S</p> <p>S</p>	<p>Cuestionario</p>



<p>e as normas establecidas na institución ou empresa.</p>	<p>CA3.3. Utilizáronse os procedementos de control, de acordo coas instrucións ou normas establecidas.</p> <p>CA3.4. Identificáronse as necesidades de acondicionamento dos espazos en que se vaia realizar a actividade de promoción de igualdade de xénero.</p> <p>CA3.5. Aplicáronse correctamente os criterios para o inicio da actividade de promoción de igualdade de xénero, tendo en conta as instrucións e as normas establecidas.</p> <p>CA3.6. Recoñecéronse e determináronse as necesidades das persoas destinatarias do servizo, tendo en conta os protocolos establecidos.</p> <p>CA3.7. Realizáronse correctamente os procedementos para o primeiro contacto coas persoas usuarias, utilizando medios e aplicando técnicas, segundo as instrucións e as normas establecidas.</p> <p>CA3.8. Identificáronse as dificultades xurdidas no proceso de preparación da actividade de promoción de igualdade de xénero.</p>	<p>N</p> <p>N</p> <p>S</p> <p>S</p> <p>S</p> <p>S</p>	
<p>FCT RA4. Leva a cabo as actividades previstas no plan de traballo, tendo en conta a relación das instrucións e as normas establecidas coa aplicación de procedementos e técnicas inherentes ás actividades que cumpra desenvolver.</p>	<p>CA4.1. Interpretáronse as instrucións recibidas para a realización da actividade promoción de igualdade de xénero.</p> <p>CA4.2. Identificouse a documentación asociada aos procesos laborais que haxa que desenvolver.</p> <p>CA4.3. Realizáronse as tarefas seguindo os procedementos establecidos.</p> <p>CA4.4. Realizáronse todas as actividades laborais tendo en conta os criterios deontolóxicos da profesión.</p> <p>CA4.5. Respectouse a confidencialidade da información relativa ás persoas usuarias coas que se teña relación.</p> <p>CA4.6. Empregáronse as actitudes adecuadas ao tipo de persoa usuaria, á situación ou á tarefa.</p> <p>CA4.7. Empregáronse os recursos técnicos apropiados á actividade.</p> <p>CA4.8. Seguíronse os procedementos establecidos na utilización dos recursos técnicos.</p>		<p>Cuestionario</p>



	CA4.9. Relacionáronse as técnicas empregadas coas necesidades das persoas destinatarias do servizo.		
FCT RA5. Cumpre criterios de seguridade e hixiene, actuando segundo normas hixiénico-sanitarias, de seguridade laboral e de protección ambiental.	<p>CA5.1. Recoñecéronse as normas hixiénico-sanitarias de obrigado cumprimento relacionadas coa normativa legal e as específicas da propia empresa.</p> <p>CA5.2. Recoñecéronse todos os comportamentos e as actitudes susceptibles de producir problemas hixiénico-sanitarios ou de seguridade.</p> <p>CA5.3. Empregouse a vestimenta apropiada á actividade.</p> <p>CA5.4. Identificáronse as normas de prevención de riscos laborais que cumpra aplicar na actividade profesional e os aspectos fundamentais da lexislación aplicable.</p> <p>CA5.5. Mantívose unha actitude clara de respecto polo ambiente nas actividades desenvolvidas, e aplicáronse as normas internas e externas vinculadas.</p> <p>CA5.6. Aplicáronse as operacións de recollida, selección, clasificación e eliminación ou vertedura de residuos.</p>		Cuestionario
FCT RA6. Analiza o servizo prestado, en relación cos criterios de calidade do procedemento de intervención.	<p>CA6.1. Valorouse o grao de cumprimento das instrucións recibidas, para a realización da actividade de animación sociocultural ou turística.</p> <p>CA6.2. Identificouse a documentación asociada aos procesos de control e seguimento da súa actividade.</p> <p>CA6.3. Amosouse unha actitude crítica coa realización das actividades.</p> <p>CA6.4. Comprobase que se segue o procedemento establecido para a realización das tarefas.</p> <p>CA6.5. Aplicáronse os criterios deontolóxicos da profesión na realización das actividades profesionais.</p> <p>CA6.6. Argumentouse a adecuación das técnicas e dos recursos empregados.</p>		Cuestionario

05.-RELACION DE TRABALLOS A DESENVOLVER POLO ALUMNADO, XUNTO COA COORDINACIÓN E PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO

Con carácter xeral este módulo será impartido polo profesorado que exerza a titoría.

Os traballos serán coordinados polo profesorado con atribución docente no módulo de Proxecto, preferentemente o que estea a impartir docencia no segundo curso do ciclo formativo.



O titor terá o labor de orientar, dirixir e supervisar ao alumno durante a realización e presentación do proxecto e coordinar as titorías colectivas.

Cada 7 días, o titor ou o profesorado do ciclo formativo asesorará, dirixirá e supervisar a realización do proxecto. Para o efecto, marcaranse datas de sesións de traballo para o seguimento do mesmo por parte do titor. (Apartado 7)

06.-ESPECIFICACIÓN DETALLADA DO CONXUNTO DE ACTIVIDADES E TAREFAS A REALIZAR POLO ALUMNADO.

Desenvolverase de forma individual, logo da avaliación positiva de todos os módulos profesionais de formación no centro educativo,

O módulo organizarase sobre a base da titoría individual e colectiva con titorías a distancia nas que se empregarán as tecnoloxías da información e da comunicación.

- a) A titoría colectiva implicará a participación do equipo docente do ciclo formativo, segundo a temática elixida, nas actividades de asesoría, orientación, programación, seguimento e avaliación previstas para este módulo.
- b) A titoría individual correrá a cargo dun único profesor, con carácter xeral o titor do ciclo formativo, que actuará como titor para todo o alumnado que estea en disposición de cursar este módulo, así como de coordinador ou coordinadora das funcións do equipo docente en relación a el.

1. Organización do módulo.

Establecerase un período de inicio, coordinado polo titor do módulo, para o plantexamento, deseño e adecuación dos diversos proxectos a realizar.

Neste período introduciranse as liñas xerais, as fases de proxecto, as formas de presentación, os recursos, etc.

Establecerase un período de titoría a cargo do titor para desenvolvemento e seguimento dos proxectos.

Establecerase un período de finalización no centro docente para a presentación, exposición, valoración e avaliación dos proxectos (NESTE ÚLTIMO, SEMPRE E CANDO O PERMITA A SITUACIÓN SANITARIA).

2 . Normas de presentación dos proxectos.

Formato do proxecto

Os proxectos serán entregados ao titor para a súa presentación ante o equipo docente, xa que este deberá valoralo coa exposición por parte do alumno/a (SEMPRE E CANDO O PERMITA A SITUACIÓN SANITARIA), para a súa posterior avaliación final.

Presentarase tanto en formato dixital, como en formato físico (papel). Este último, no caso que a exposición e defensa sexa de maneira presencial. O tamaño do papel a empregar será UNE-A4, recoméndase usar papel do tipo 80gr/m2.

Tanto o formato da portada como do resto do documento deben cumprir estritamente os requisitos especificados por parte do titor.



Características:

- Extensión: máximo 25 folios, incluíndo táboas e figuras, que se integrarán no texto con subtítulos e orde de numeración. Non contan para a extensión os anexos.
- Tipo de letra: arial ou times new roman, tamaño 12, interlineado 1,5
- Portada: incluírá o título do proxecto (18), nome do autor, ciclo formativo, curso académico, data de entrega (14) e logotipo centro.
- Índice: Debe contar cun índice paxinado.
- Estará encadernado e paxinado na súa totalidade. A paxinación na marxe superior centrada.
- Os marxes serán 3 cm en todas as marxes (superior, inferior, esquerda e dereita)
- No pé de páxina estará indicado o título do traballo.
- Debe estar baseado en situacións reais de traballo.
- Significativo: debe ter un significado claro e uns obxectivos comprensibles.
- Inclusivo e integrador: no proceso traballaranse todos os contidos seleccionados e integraranse para lograr os obxectivos finais.

Contidos:

- Título
- Presentación. Natureza do proxecto
- Destinatarios/as
- Fundamentación/Xustificación
- Obxectivos
- Localización
- Metodoloxía
- Actividades e tarefas
- Espazos
- Tempo
- Recursos
- Avaliación
- Bibliografía. Referencias / Recursos empregados / Fontes estilo APA ou Vancouver
- Anexos (no caso de que existan).

Calquera variación nos contidos, deberá estar expresamente aprobada polo titor do módulo.

2. Entrega, exposición ou defensa.

O titor fixará as datas de entrega e exposición de cada proxecto.

No caso de ausencia de presentación, considerarase convocatoria consumida.

Se a situación provocada polo Covid 19 e as autoridades educativas e sanitarias así o recomendan, a exposición do proxecto consistirá na presentación pública ante o equipo docente do traballo realizado nun máximo de 15 minutos no que explicará os apartados que o forman.



Para a presentación, o alumnado poderá dispor de medios á súa disposición como: ordenador, video proxector, etc. ou outros medios necesarios requiridos con antelación suficiente ao titor.

O equipo docente disporá doutros 15 minutos para plantexar cuestións relacionadas co traballo (Correccións, melloras, suxestións...).

No caso de que non estivese aconsellada a defensa presencial, esperaríamos a ter novas instrucións da Consellería ou, de ser o caso, tomaríanse outras medidas en conxunto co equipo docente e outros departamentos académicos. O alumnado recibiría esta información coa máxima antelación por correo electrónico e/ou teléfono.

07.-HORARIOS PREVISTOS PARA AS ACTIVIDADES DE TITORÍA, SEGUIMIENTO, CANLES DE COMUNICACIÓN. PRAZOS DE ENTREGA DO/S TRABALLO/S PARA A SÚA SUPERVISIÓN. FORMATO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E A EXPOSICIÓN DO INFORME FINAL DO TRABALLO/PROXECTO.

Como se indica no apartado 6.1., Organización do módulo, establecerase un período de inicio, coordinado polo titor do módulo, con horas presenciais a través de videoconferencia para profesorado e alumnado para o plantexamento, deseño e adecuación dos diversos proxectos a realizar.

Neste período introduciranse as liñas xerais, as fases de proxecto, as formas de presentación, os recursos, etc.

Establecerase un período de titoría individual a cargo do titor docente dunha hora semanal con cada alumno/a a través de medios telemáticos.

Establecerase un período de finalización no centro docente para a presentación, exposición, valoración e avaliación dos proxectos.

As datas concretas serán entregadas por escrito ao alumnado e profesorado e informadas ao Inspector Educativo cando sexan coñecidas polo titor.

08.-MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ACADAR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA NO MÓDULO E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN. PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN DO MÓDULO.

Os mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva están expostos na táboa do punto nº 4 en relación a cada Criterio de Avaliación.

A avaliación realizarase de xeito individual para cada alumno ou alumna tomando como referencia os resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación que se indican no currículo correspondente do módulo.

A cualificación do módulo de Proxecto será numérica. E debe ter unha nota mínima dun 5 sobre 10 na parte de aspectos formais e contidos para superar o módulo.

No caso de que se permita a exposición e defensa de maneira presencial a avaliación será da seguinte maneira:

a) Aspectos formais (presentación, estrutura documental, organización e redacción) e contidos (dificultade, grado de resolución da proposta, orixinalidade, actualidade, alternativas presentadas e resultados obtidos):
70%



b) Exposición e defensa (calidade da exposición oral e das respostas ás preguntas plantexadas polo equipo docente): 30%

No caso de que non se puidese realizar desta maneira, teríanse soamente en conta os aspectos formais cunha avaliación por parte do equipo docente cun valor do 100% da nota.

No caso de non obter unha valoración positiva, o titor elaborará un informe no que consten os aspectos a mellorar que deben ser subsanados.

O profesor ou a profesora responsables do módulo encargaranse de asinar as actas de avaliación finais coas cualificacións obtidas por cada alumno ou alumna, de acordo coa valoración efectuada.

A avaliación e reclamacións do módulo de Proxecto rexerese pola mesma normativa de avaliación que para o resto de módulos de formación profesional.

O centro docente fomentará a creación dun fondo documental cun exemplar de cada proxecto, a partir dos orixinais, con indicación da autoría.

No caso de comprobarse o plaxio parcial ou total do traballo presentado, este será avaliado como suspenso.

09.-PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN:

O seguimento da programación será documentada por escrito mensualmente e informado ao equipo docente nas reunións.

Tamén se anotarán as observacións do profesor en relación á valoración respecto ó desenvolvemento do módulo. Anotacións persoais e informe final que recolla: ámbito produtivo, desenvolvemento, temporalización, avaliación, metodoloxía, temas transversais, necesidades educativas, sistema extraordinario de avaliación, sistema de recuperación.

Ademais terase en conta:

Resultados académicos do grupo.

Valoración do alumnado sobre o desenvolvemento do módulo. (Cuestionario)

10.-ORIENTACIÓNS MÁIS SALIANTABLES PARA COMUNICAR AO ALUMNADO

Revisión do material didáctico e contidos dos módulos de 1º e 2º curso.

Planificación e cumprimento das datas marcadas para o seguimento e control do proxecto por parte do titor ou outros/as docentes.



CRONOGRAMA de ACTIVIDADES E SEGUIMIENTO de PROXECTO-FCT

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
13 FESTIVO	14 Inicio e pautas xerais	15 Traballo individual (7 h)	16 Traballo individual (7 h)	17 Entrega da ideas
20 Titoría Videoconferencia 10h-13 horas	21 Traballo individual (7 h)	22 Traballo individual (7 h)	23 Traballo individual (7 h)	24 Entrega de xustificación Traballo individual (7 h)
27 Titoría Videoconferencia 10h-13 horas	28 Traballo individual (7 h)	29 Traballo individual (7 h)	30 Traballo individual (7 h)	1 FESTIVO
4 Titoría Videoconferencia 10h-13 horas	5 Traballo individual (7 h)	6 Traballo individual (7 h)	7 Traballo individual (7 h)	8 Entrega de obxectivos, metodoloxía Traballo individual (7 h)a
11 Titoría Videoconferencia 10h-13 horas	12 Traballo individual (7 h)	13 Traballo individual (7 h)	14 Traballo individual (7 h)	15 Entrega de actividades e temporalización Traballo individual (7 h)
18 Titoría Videoconferencia 10h-13 horas	19 Traballo individual (7 h)	20 Traballo individual (7 h)	21 Traballo individual (7 h)	22 Entrega de recursos e difusión Traballo individual (7 h)
25 Titoría Videoconferencia 10h-13 horas	26 Traballo individual (7 h)	27 Traballo individual (7 h)	28 Traballo individual (7 h)	29 Entrega de avaliación Traballo individual (7 h)
1 Titoría Videoconferencia 10h-13 horas	2 Traballo individual (7 h)	3 Entrega de proxecto	4	5
8 Exposición?	9 Exposición?	10 Exposición?	11 Exposición?	12 Exposición?
15	16	17	18	19



Tomás Barros